

Decreto 3160/1978, do 4 de decembro de 1978, polo que se declara o Parque Natural de Monte Aloia

(BOE nº 16, do 18 de xaneiro de 1979)

Artigo 1. Finalidade.

Declárase parque natural o antigo sitio natural de interese nacional do monte Aloia (Pontevedra), de acordo co sinalado para o efecto na disposición derradeira da Lei 15/1975, do 2 de maio (RCL 1975/914 e NDL 11996), de espazos naturais protexidos, coa extensión e límites que se detallan no punto seguinte.

Artigo 2. Características.

1. O parque natural do monte Aloia ten unha superficie de 746,29 ha, das que 200 ha corresponden ó antigo sitio natural de interese nacional do monte Aloia e 546,29 ha a montes de utilidade pública colindantes que reúnen similares condicións, afectando ó termo municipal de Tui da provincia de Pontevedra.

Os seus límites xeográficos son os seguintes:

Norte: termo municipal do Porriño, liña de separación co monte de utilidade pública número 493 denominado “Costa de Oia e outros”, da parroquia de Chenlo, e monte de utilidade pública número 521 do Catálogo, denominado “Costa de Oia”, da parroquia de Ribadelouro (concello de Tui).

Leste e sur: predios de propiedade privada, do termo municipal de Tui.

Oeste: monte de utilidade pública, núm. 518-531 do Catálogo, denominado “Casas Novas e Rega de Bastián”, da parroquia de Randufe (concello de Tui).

2. O Goberno por acordo do Consello de Ministros e por proposta do de Agricultura, logo de informe do de Facenda se fosen patrimoniais ou do ministerio correspondente se fosen demaniais, poderá incorporar ó dito parque natural terreos de propiedade do Estado ou outros que sexan achegados voluntariamente polos seus propietarios con tal obxecto, sempre que tales terreos reúnan as condicións adecuadas.

Artigo 3. Compatibilidades.

O outorgamento ó terreo mencionado do réxime de parque natural será compatible co exercicio:

a) Das atribucións da Administración do Estado ou das corporacións locais sobre os bens de dominio público nel contidos.

b) As atribucións da Administración do Estado ou das corporacións locais sobre os montes de utilidade pública e protectores segundo o disposto na Lei de montes (RCL 1957\776 e NDL 21569) e Regulamento para a súa aplicación (RCL 1962\1657, 1741 e NDL 21571).

c) Os dereitos privados existentes nos terreos afectados.

Artigo 4. Protección.

1. O Ministerio de Agricultura, a través do Instituto Nacional para a Conservación da Natureza (ICONA), establecerá as normas e regulamentacións que se estimen necesarias para salvagarda-los elementos naturais que motivaron a declaración do parque natural, así como facilita-lo estudio, contemplación e disfrute do espazo protexido.

2. Para evitar actividades ou aproveitamentos que, directa ou indirectamente, poidan producir desfiguracións, deterioracións ou destrucións nos valores naturais que se trata de protexer toda acción que se pretenda realizar no parque natural necesitará da oportuna autorización do ICONA.

Calquera forma de privación singular da propiedade privada ou de dereitos ou intereses patrimoniais lexítimos derivada do establecemento do parque natural será obxecto de indemnización, de acordo co establecido ó respecto pola vixente lexislación de expropiación forzosa.

Artigo 5. Adecuación socioeconómica.

Para o mellor cumprimento das finalidades que se perseguen co citado parque natural, e co fin de promove-lo desenvolvemento social e económico das zonas que circundan a súa superficie, todas aquelas obras e traballos que proxecten os organismos competentes para a conservación e mellora da área rural que poidan favorecer-lo mencionado fin socioeconómico realizaranse con carácter prioritario.

Artigo 6. Xunta Rectora.

1. Para colaborar co Instituto Nacional para a Conservación da Natureza nas funcións que a este organismo lle atribúe a Lei de espazos naturais protexidos (RCL 1975\914 e NDL 11996) e o Regulamento para aplicación (RCL 1977\2298) constituirase a correspondente xunta rectora.

2. Esta xunta rectora estará composta polos seguintes membros:

-Un representante de cada un dos Ministerios de Cultura, Obras Públicas e Urbanismo, Comercio e Turismo e de Sanidade e Seguridade Social.

-Un representante do ente autonómico rexional.

-Un representante da Deputación Provincial de Pontevedra.

-Un representante designado polo Concello de Tui.

-Un representante da Cámara Agraria Provincial de Pontevedra e un da Cámara Agraria Local de Tui.

-Un representante dos propietarios dos predios existentes no parque natural designado de entre eles mesmos.

-Un representante da Universidade de Santiago.

-Un representante de asociacións rexionais ou provinciais, elixido por elas mesmas, de entre as que polos seus estatutos se dediquen á conservación da natureza.

-Un representante do Instituto Nacional para a Conservación da Natureza designado polo ministro de Agricultura.

-Unha persoa de recoñecida competencia no campo da conservación da natureza designada pola propia xunta.

O presidente da xunta rectora será nomeado polo ministro de Agricultura, por proposta do director do Instituto Nacional para a Conservación da Natureza.

Actuará como secretario da xunta rectora o conservador do parque natural.

3. Son cometidos e funcións da xunta rectora, ademais dos sinalados con carácter xeral no artigo 12 do Regulamento para a aplicación da Lei de espazos naturais protexidos (RCL 1975/914 e NDL 11996), os seguintes:

a) Administra-los fondos procedentes da utilización dos seus propios servicios, que para o efecto se creen, ou das doazóns que, no seu beneficio, outorguen calquera clase de entidades ou particulares.

b) Informa-lo ICONA sobre os plans de conservación, fomento, mellora, desfrute e aproveitamentos, redactados polo dito organismo, así como sobre calquera clase de actividades ou traballos que pretendan realizar no parque natural corporacións, entidades e particulares.

Artigo 7. Administración.

Sendo iniciativa do Ministerio de Agricultura a declaración deste parque natural, correspóndelle a súa administración ó Instituto Nacional para a Conservación da Natureza, o cal para tales efectos, oída a xunta rectora, redactará anualmente un plan de protección, conservación e desfrute do parque natural, no que se detallarán as obras, traballos e actividades de toda orde que o dito instituto vaia realizar nel, co fin de cumprir os obxectivos que motivaron a súa declaración.

Artigo 8. Cambios de titularidade.

1. Será obrigatorio notificar ó Instituto Nacional para a Conservación da Natureza todo proxecto de cambio de titularidade por transmisión de dominio inter vivos de calquera predio situado no interior do parque natural, especificando o prezo que se tiver que satisfacer por el ou o valor que se lle asigne na transmisión.

Esta obriga afectará tódolos predios indicados, calquera que sexa a súa extensión e a índole dos seus aproveitamentos, e incumbirá tanto a persoa física ou xurídica que faga a transmisión como a que adquira a titularidade.

2. A notificación citada no punto anterior, asinada conxuntamente polo propietario e adquirente ou persoa que os represente, realizarase na forma prevista na lexislación vixente facendo constar: situación do predio, límites, cabida, cargas fiscais, servidumes, prezo ou valor, condicións da transmisión, nome do cedente e nome do adquirente.

3. No prazo de tres meses, a partir da data en que se xustifique a recepción da notificación, o ICONA poderá exercer-lo dereito de tanteo, subrogándose nos dereitos do adquirente.

4. Se se realizase algún cambio na titularidade dun terreo situado no interior do parque natural, sen telo notificado na forma que se precisou anteriormente á Dirección do ICONA,

este organismo poderá durante o prazo de tres anos, exercer-lo dereito de retracto ou de subrogación no dereito do adquirente polo prezo de venda ou valor asignado ó predio na transmisión, con dedución, se proceder, dos danos, perdas ou mingua do valor que, por calquera causa, experimentase este.

O prazo de tres anos contarase desde a data do seu outorgamento cando se trate de documentos públicos e desde a da súa presentación na Oficina liquidadora do imposto sobre a transmisión realizada, cando se trate de documentos privados.

Artigo 9. Medios económicos.

Para atender ás actividades, traballos e obras de conservación e mellora, así como ós gastos xerais do parque natural, o ICONA poderá dispoñer: das consignacións que se asignen nos seus orzamentos; das que, para tales fins, se inclúan nos orzamentos xerais do Estado; de toda clase de achegas e subvencións voluntarias de entidades públicas e privadas, así como dos particulares dos fondos de melloras previstos na Lei de montes (RCL 1957\776 e NDL 21569) correspondentes ós montes incluídos no Catálogo dos de utilidade pública e pertencentes a entidades locais; dunha achega porcentual equivalente á anterior, procedente das rendas que correspondan a montes do Estado, propios ou consorciados, incluídos no parque natural, e de todas aquelas recadacións que se poidan obter como consecuencia de concesións ou utilización de servizos existentes nel.